

ASISTENTES

Carballo González, Ángeles
Carmona Ramírez, Jessica Alejandra
Dafonte Gómez, Alberto
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Ríos Santomé, María José

DESCULPA ASISTENCIA

González Santamaría, Pedro
Gómez Rodríguez, Alma María

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 25 de novembro de dous mil vinte, convocada ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda nas salas de videoconferencia.

O día **25 de novembro de 2020** ás 10:00 h. deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, presidida polo reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 10 de marzo de 2020 e á sesión extraordinaria do día 20 de abril de 2020.
2. Aprobación, se procede, da convocatoria de eleccións de representantes de estudantes, PDI e PAS aos Consellos de Departamento.
3. Aprobación, se procede, do cadro co nº de representantes de cada sector que corresponden a cada Departamento
4. Delegación, se procede, na Secretaría Xeral dos modelos de candidatura, da acta de constitución das mesas electorais e das actas de escrutinio.
5. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 10 de marzo de 2020 e á sesión extraordinaria do día 20 de abril de 2020.

Sen observacións, aprobouse por asentimento.

2. Aprobación, se procede, da convocatoria de eleccións de representantes de estudantes, PDI e PAS aos Consellos de Departamento.

O reitor cede a palabra á coordinadora da Secretaría Xeral, Ángeles Carballo, quen se remite ao documento da convocatoria que foi enviado xunto co resto da documentación.

Apróbase por asentimento.

3. Aprobación, se procede, do cadro co número de representantes de cada sector que corresponden a cada Departamento.

O reitor cede a palabra á coordinadora da Secretaría Xeral, Ángeles Carballo, quen se sinala que o cadro foi consensuado con todos os Departamentos.

Apróbase por asentimento.

4. Delegación, se procede, na Secretaría Xeral dos modelos de candidatura, da acta de constitución das mesas electorais e das actas de escrutinio.

O reitor cede novamente a palabra á coordinadora da Secretaría Xeral, Ángeles Carballo, quen explica o sentido da delegación solicitada.

Apróbase por asentimento.

5. Quenda de intervencións.

Ángeles Carballo toma a palabra para presentar a súa dimisión como representante nesta comisión, dada a súa próxima xubilación, polo que será reemplazada por un substituto. O reitor aproveita para felicitala pola súa exemplar entrega ao traballo na Universidade ao longo destes anos. María José Ríos súmase á felicitación. O secretario xeral apunta que haberá algunha conmemoración na Secretaría con motivo desta circunstancia.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:20 h do día 25 de novembro de 2020, da que eu como secretario xeral dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Miguel Ángel Michinel Álvarez